

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Levarase a cabo unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado que atenderá, sobre todo, á constatación da madurez expresiva, de comprensión e de asimilación conceptual. Para a avaliación formativa ou continua, así como para a sumativa ou final, aterémonos aos criterios de avaliación especificados para esta materia no decreto 133/2007, do 5 de xullo polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, para os cursos 2º e 4º; para 1º e 3º rexen os do decreto 86/2015, do 25 de xuño.

En canto aos instrumentos de avaliación, ademais daqueles que puntualmente se determinen, serán considerados, con carácter xeral, os seguintes:

- A observación directa dos alumnos: levarase a cabo unha observación e valoración das actividades habituais dos mesmos, tanto no seu traballo individual como en grupo, nas postas en común, nas súas actitudes durante as explicacións, en fin, no seu traballo cotián na aula. Ó rexistro de datos que resulte desta observación, engadiranse os resultados da revisión das actividades dos alumnos nos seus cadernos. Neste caso valorarase non só que todo o traballo realizado estea presente no caderno, senón tamén o aspecto formal (limpeza, orde...) e que estea debidamente corrixido.
- As probas específicas –orais e/ou escritas- de avaliación contribuirán á valoración do grao de consecución dos alumnos con respecto aos obxectivos programados para un período determinado. Faranse, como mínimo, dúas probas escritas cada trimestre.
- Realización de traballos individuais, tales como exercicios de redacción, creación de poemas, traballos de investigación ou ampliación de contidos, ou mesmo traballos sobre os libros de lectura. Deberán respectarse os prazos de entrega, así como a orde e a limpeza na presentación.
- Valoración da lectura e comprensión dos libros de lectura obrigatoria, ben a través de probas escritas ou ben a través de traballos.

Terase moi en conta á hora de cualificar a ortografía, a aplicación das propiedades textuais (coherencia, cohesión) e a presentación. Neste último aspecto facemos constar que non se valorarán as actividades dos exames escritas con lapis.

A cualificación do alumno en cada avaliación virá dada pola valoración de todo o anterior, é dicir, non unicamente polas probas obxectivas (exames); estas constitúen

un instrumento máis de avaliación, que suporá un 70% da nota como máximo, mentres que a porcentaxe restante será para os demais apartados mencionados.

Para a cualificación da competencia oral da lingua terase moi en conta o uso que dela se faga diariamente na aula, así como as actitudes. Deste xeito, a proba oral específica que se fai cada trimestre é un instrumento máis para a valoración deste aspecto, pero non o único nin necesariamente o máis relevante. Aquel alumnado que non empregue o galego na aula non terá unha cualificación positiva no uso oral.

Os libros de lectura valoraranse a través de probas ou traballos. No caso de que se lea na clase, terán unha cualificación negativa aqueles alumnos que reiteradamente veñan a clase sen o libro de lectura.

En resumo, o peso dos instrumentos de avaliación será, en xeral, o que segue:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	PORCENTAXE CUALIFICACIÓN
Probas de avaliación escritas	B3, B4 E B5	50,00%
	B2 (Libro de lectura)	20,00%
Probas de avaliación oral	B1	10,00%
Actividades de expresión escrita (redaccións, traballos...)	B2	10,00%
Ferramentas de avaliación do traballo competencial (observación na aula, revisión do caderno, traballo en grupo...)	B1, B2, B3, B4 e B5	10,00%

Nos cursos de 1º e 3º, o grao mínimo de consecución necesario para superar a materia para cada estándar avaliábel será do 50%.

A nota final de curso será froito dunha valoración global das tres avaliacións. Á hora de reducir a nota a enteiros primarán os resultados obtidos das ferramentas de avaliación do traballo competencial aludidas no cadro anterior.

Nas probas extraordinarias de setembro, o alumnado terá que examinarse de toda a materia vista durante o curso, incluídos os libros de lectura.

RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Ao alumnado que teña materias pendentes faránselle dúas probas escritas ao longo do curso, ademais do exame final que marca a lexislación. A materia, polo tanto, dividirase en dúas partes. Aqueles alumnos que aproben esas partes non terán que facer o exame final. Así mesmo, os alumnos que non acudan á 1º proba non poderán presentarse á 2ª e terán que ir directamente ao final con toda a materia.

Ademais das probas escritas, que serán cualificadas sobre 8 puntos, empregaranse outros instrumentos de avaliación, que contribuirán á cualificación definitiva, consistentes na revisión de traballos e actividades que terán que entregar os alumnos ao profesor que lles imparte a materia no presente curso. Estes valoraranse ata un máximo de 2 puntos.

No caso dos alumnos do PDC que teñan a Lingua Galega pendente, a profesora do ámbito lingüístico terá autonomía para adoptar as medidas que considere oportunas conducentes a que superen dita materia, sempre tendo en conta a lexislación vixente a este respecto.

Nos cursos ordinarios, serán os profesores de Lingua Galega de cada grupo os que sigan a evolución dos seus alumnos. A Xefa de Departamento será a que se ocupe de examinar e de coordinar os procesos.

O alumnado con materias pendentes será informado a principios de curso de todo o relativo á recuperación das mesmas.